

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a trece de outubro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA

O Sr. alcalde informa que o feito excepcional de celebrar unha segunda sesión no mesmo día está motivado pola necesidade de outorgar unha licenza de obras instada por un veciño do Concello, cuxa documentación preceptiva completa non estaba dispoñible no momento que tivo lugar a primeira das sesións (foi recibida no rexistro ás 12:21 horas do día de hoxe (RE-E núm. 608), e así poder optar o solicitante ás subvencións convocadas pola Consellería do Medio Rural para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (Orde do 29/12/22, modificada pola Orde do 28/09/23), que fixaba o prazo límite para a presentación da correspondente licenza municipal o día 15 de outubro do corrente.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar a urxencia da convocatoria.

2.- LICENZA DE OBRAS

- Rafael Fernández Cerbela

ANTECEDENTES

1. Don RAFAEL FERNÁNDEZ CERBELA, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar da Torre de Carboentes, parroquia de Carboentes, solicitou con data 2 de xuño de 2023 (RE-E núm. 335) licenza municipal para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PORCINO, con emprazamento no lugar da Torre de Carboentes, parroquia de Carboentes.
2. Achégase modificado de proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 29/11/22 e anexos de datas 26/09/23 e 13/10/23), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión.
3. O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o de execución das obras, de conformidade co indicado no proxecto, fíxase en tres (3) anos.
4. Constan no expediente os correspondentes informes xurídico e técnico emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. A intervención municipal ten o seu fundamento na competencia que lle confire o artigo 25.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), así como os artigos 5 e 8 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A actividade solicitada atópase entre as sometidas a licenza municipal previa conforme ao previsto nos artigos 142.2 a) da Lei

- 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigo 351 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG).
3. A ampliación de explotación de porcino proxectada sitúase en terreos clasificados como “solo rústico de protección de augas” polo PXOM en vigor.
 4. Solicítase licenza para a ampliación dunha explotación de gando porcino para unha capacidade total de 990 porcos.
 5. As obras proxectadas consisten na construción dunha nova nave para albergar gando, un anexo á nave destinado a aseo-vestiario e unha fosa de xurro. A capacidade actual da explotación é de 670 cebóns (80,40 UGM). Coa ampliación prevista auméntase a capacidade en 320 cebóns, obténdose unha capacidade total final de 990 cebóns (118,80 UGM), manténdose no Grupo I.
 6. O orzamento de execución material das obras ascende á cantidade de CENTO QUINCE MIL OITOCENTOS CORENTA EUROS (115.840,00 €).
 7. Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da LSG, na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.
 8. As construcións e instalacións destinadas ao apoio da gandaría extensiva e intensiva e as granxas correspóndense cun uso admisible en calquera categoría de solo rústico logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística segundo o artigo 36.1 da LSG.
 9. O contido urbanístico do proxecto presentado coincide cos seguintes extremos:

Titular do predio	
Inscripción no Rexistro da Propiedade	Non consta no expediente

Refª catastral das parcelas	36047A125001360000LE 36047A125001450000LA Escritura notarial de división material de finca, extinción de condominio e agrupación
Superficie da parcela	57.458,84 m ²
Uso autorizado	Ampliación de explotación de porcino
Superficie ocupada en planta	Ampliación: 524,20 m ²

10. A explotación de porcino obxecto da solicitude de licenza figura inscrita no rexistro oficial de explotacións porcinas dende o 8 de marzo de 1994, cunha capacidade máxima autorizada para 670 cebóns (80,4 UGM), segundo certificado emitido, en data 13/10/2023, polo Servizo de Gandería de Pontevedra da Consellería do Medio Rural. A ampliación proxectada solicítase ao amparo do artigo 15.3 do Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das granxas porcinas intensivas, e modifícase a normativa básica de ordenación das explotacións de gando porcino extensivo.
11. No presente caso certifícase polo técnico redactor do proxecto que a explotación ten unha capacidade autorizada de 670 cebóns (Grupo I) e que coa ampliación prevista no proxecto (320 cebóns) acadaría unha capacidade total de 990 cebóns (Grupo I), polo que non supera os límites de capacidade produtiva do grupo en que está clasificada de acordo co artigo 3.3. do RD 306/2020.
12. A certificación que obra no expediente acredita o cumprimento das distancias esixidas polo Real Decreto 306/2020, do 11 de febreiro, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas, dado que os asentamentos de poboación existentes a unha distancia inferior aos 1.000 metros da instalación proxectada (lugares da Torre de Carboentes e Agrosagro, pertencentes á parroquia de Carboentes) non teñen a consideración de casco urbano, de conformidade co disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (DOG núm. 28, do 09/02/17).

13. A actividade obxecto da licenza foi sometida a declaración de incidencia ambiental ao figurar incluída no catálogo que recolle o Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG).
14. Por Resolución de data 9 de maio de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en Pontevedra emítase a correspondente declaración de incidencia ambiental (expediente núm. ██████████), modificada por Resolución de data 5 de outubro de 2023 (expediente núm. ██████████).
15. Nos solos rústicos de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal (artigo 36.2 LSG).
16. Figura no expediente a preceptiva autorización de obras emitida, con data 7 de novembro de 2022, pola Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia (Clave ██████████).
17. Seguiuse a tramitación prevista nos artigos 9 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por remisión do artigo 143.2 LSG.
18. O carácter regrado da licenza establecido pola doutrina e xurisprudencia determina que o Concello ven obrigado a conceder licenza urbanística se conforme a normativa aplicable é posible levar a cabo a actuación urbanística solicitada.
19. Deberá liquidarse o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP núm. 248, do 29 de decembro de 1999, e a Taxa por licenzas urbanísticas, segundo ordenanza en vigor publicada no BOP do día 27 de decembro de 1989.
20. O órgano competente é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

Xa que logo, visto o anterior e de conformidade cos informes técnicos que obran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Don RAFAEL FERNÁNDEZ CERBELA licenza municipal para AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PORCINO, con emprazamento no lugar da Torre de Carboentes, parroquia de Carboentes, con estrita suxeición ao proxecto técnico e anexos visados polo colexio correspondente (núm. [REDACTED], do 29/11/22 e anexos de datas 26/09/23 e 13/10/23), redactados polo enxeñeiro técnico agrícola Don Francisco Pérez Donsión, coas condicións especiais seguintes:

- a) Esta concesión outórgase salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro e terán que cumprirse, de ser o caso, as condicións fixadas polos organismos con competencias sectoriais.
- b) Os prazos de inicio e execución comezarán a computarse dende a data seguinte ao recibo da notificación do presente acordo. Se as obras non se iniciasen ou se executasen durante os prazos establecido ou ben, se interrompan por tempo superior a seis meses, procederase a declarar a caducidade da licenza, previa audiencia ao interesado. Non obstante, poderá solicitarse prórroga dos referidos prazos previa solicitude expresa formulada polo interesado e condicionada ao cumprimento das condicións establecidas no artigo 145.2 da LSG e artigo 359 do RLSG.
- c) A presente licenza queda sometida á condición suspensiva, no que atinxe ao inicio das obras e implantación do uso, ata que se xustifique o cumprimento das obrigas establecidas conforme o artigo 39 e) da LSG. Aos citados efectos, será suficiente que o titular da licenza presente ante o Concello certificación expedida polo Rexistro da Propiedade da vinculación da total superficie real do predio á construción e usos autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas na presente licenza (artigo 39 e) da LSG en relación co disposto nos artigos 65 e 67.3 do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana).
- d) O zócalo e os postes do peche perimetral proxectado deberán de pintarse de cor branca.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras pola cantidade de DOUS MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (2.316,80 €).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación da Taxa por licenzas urbanísticas pola cantidade de CINCOCENTOS SETENTA E NOVE EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (579,20 €).

3.- APROBACIÓN DAS BASES DO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Dáse conta aos/ás Sres./as concelleiros/as presentes que as Concellerías-Delegadas de Cultura e de Igualdade veñen de organizar, co gallo da celebración o vindeiro día 15 de outubro do “*Día da Muller Rural*”, un concurso de fotografía que ten como obxectivo por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases do concurso, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de DOUSCENTOS VINTE E CINCO EUROS (225,00 €), co cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, para o abono dos premios establecidos nas bases para os gañadores do concurso.

ANEXO

BASES DO I CONCURSO FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

Primeira.- Sobre a participación

O día 15 de outubro celébrase o día da muller rural polo que dende a Concellería de Cultura e a Concellería de Igualdade lánzase esta iniciativa aberta a todas as veciñas do Concello de Rodeiro.

Segunda.- Sobre as características dos traballos a presentar

Recreación dunha fotografía antiga. Escolles unha foto antiga, anterior ao ano 2003, onde saias ti mesma ou unha familiar e sácaste outra representándoa no mesmo lugar e a mesma escea.

Poderán participar mulleres de calquera idade, de forma individual ou en grupo. Non se admitirán fotomontaxes.

Obxectivo do concurso:

Por en valor e recordar a importancia do papel da muller no pasado e no presente do mundo rural, resaltando en imaxes o inmenso traballo que realizaron ao longo dos anos.

Valórase:

A orixinalidade da recreación.

A vinculación co medio rural Cambote, tanto da idea, como das persoas que aparecen nas fotografías.

Cada participante poderá presentar unha soa recreación, que deberá ter un título.

Entregarase a orixinal e a recreación.

A participación no concurso leva implícito a aceptación das condicións do mesmo e a exposición ao público das fotografías presentadas.

Terceira.- Sobre a presentación

Poderase entregar fotografías ata o día 12 ás 23:59 h no correo electrónico biblioteca@rodeiro.gal ou no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares". Poderase votar os días 13 e 14 de Outubro.

A eleccións das mellores farase mediante votación a través dun formulario na páxina web oficial do concello.

As mellores proxectaranse nun espazo público e aberto, na web municipal e imprimiranse para a súa exposición itinerante.

O día 15 de outubro ás 12:00h. daranse a coñecer as fotografías premiadas nun acto público no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares".

Cuarta.- Votación.

A votación levarase a cabo de maneira telemática empregando un enlace que se publicará na paxina web.

Quinta.- Sobre a valoración dos traballos e a concesión dos premios.

Premios para a máis votada: 100€.

Premio para a segunda máis votada 75€.

Premio para a terceira máis votada 50€.

Ás premiadas entregaráselles un vale polo valor do premio para gastar no comercio local.

A proclamación das gañadoras farase o día 15 de outubro ás 12:00h no Centro Cultural Municipal "Manuel Lamazares".

Sexta.- Disposición adicional

A participación no concurso supón a conformidade e aceptación das presentes bases. Calquera situación non prevista nas presentes bases e a súa interpretación no caso de dúbida será resolta polas Concellerías de Igualdade e Cultura.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- E.S. ATENEO S.L. 647,82 €
Por subministro de gasóleo de calefacción para o Centro de Saúde, s/factura núm. 2023/FD/000843 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 223,85 € E 525,66 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA78T0001513 e TA78T0001514 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 1,98 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-J3DD-050268 e 28-J3DD-092123 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 144,20 € E 65,08 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de setembro de 2023, s/facturas núm. 4003798840 e 4003803753 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 191,14 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202319900020007678 (FACe).
- PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA S.A.U. 554,09 €
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. APSPLUS202300002610 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 48,96 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361323FC0006643.
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 61,91 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361323FC0006983.

- XUNTA DE GALICIA 36,72 €
Por autoliquidación de taxa de Augas de Galicia en concepto de autorización no dominio público hidráulico, s/cargo.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 493,38 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1302.
- Mª ELENA JORGE MATO 61,62 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 159,60 €
Por adquisición de colchón para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. A2304.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)